

Mesa de traballo

EXPERIENCIAS DE INTERVENCIÓN NO SECTOR COMERCIAL

PROBA EN GALEGO, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Concepción Cochón Rodríguez

SNL do Concello de Pontevedra

Proba en galego foi, ata o de agora, a última das campañas que o Concello de Pontevedra puxo en marcha para dinamizar o uso do galego no sector do comercio no ámbito urbano da cidade de Pontevedra. O traballo arredor de Proba en galego estendeuse desde o ano 2008 ata este mesmo ano 2010; aínda que, en realidade, supón a continuidade dunha liña de traballo anterior materializada, de maneira especial, na campaña E ademais, en galego (anos 2005 e 2006), que determinou moito a planificación e o desenvolvemento desta nova campaña.

A Concellaría de Normalización Lingüística desenvolveu Proba en galego fundamentalmente desde o Servizo de Normalización Lingüística, aínda que tanto para o deseño, como para a planificación e o desenvolvemento da campaña contamos coa colaboración de distintas entidades diferenciadas en dous grandes bloques, un formado por outros departamentos da Administración municipal e outro que aglutina como entidades colaboradoras a distintos colectivos vinculados co sector comercial da cidade.

Dado que xa existía un traballo anterior no sector do comercio de Pontevedra co fin de dinamizar o uso da lingua galega, Proba en galego buscou especializar, cando menos en parte, o seu ámbito de actuación un pouco máis que nas anteriores intervencións no sector; así, seleccionamos o subsector da alimentación. Porén, consideramos moi importante non descoidar a incidencia nun comercio máis xeralista situado no centro da cidade e cun horario de apertura ao público máis extenso que os mercados.

O deseño das distintas accións nas que se materializou a campaña respondeu á necesidade de actuar nos distintos escenarios que nos ofrecía o sector: mercado municipal, pequenas tendas de produtos perecedeiros, comercio do centro da cidade e, de xeito puntual, o mercado de Nadal na rúa, co fin de chegar ao público obxectivo da campaña: a clientela, por unha parte, e as persoas que venden, atenden o público e xestionan os distintos tipos de negocios, pola outra.

A seguir, na mesa redonda ofreceremos unha explicación polo miúdo das accións que se desenvolveron no marco de Proba en galego. Así, deterémonos, por exemplo, na creación dunha imaxe de identidade para darlle unidade a cada unha das accións pertencentes á campaña, na campaña publicitaria, no curso de optimización da comunicación no comercio e na pequena empresa, no CD de recursos dirixido ás persoas responsables da xestión e da comunicación do comercio e no material creado para os locais de venda co fin de incrementar (ou iniciar) a presenza da lingua galega na comunicación inicial que se lle ofrece á clientela, entre outras accións.

Finalmente, realizaremos unha brevísima análise valorativa do desenvolvemento e dos resultados da campaña, para o que teremos en conta tanto a eficacia das accións realizadas como os resultados da colaboración coas entidades externas á Concellaría e ao Servizo.